

Proposta de clasificación de ofertas relativa á contratación administrativa de servizos para a dixitalización das lexislaturas V á VIII do arquivo do Parlamento de Galicia.

Con data 30 de decembro de 2013, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa de servizos para a dixitalización das lexislaturas V á VIII do arquivo do Parlamento mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e un valor estimado de 40.000,00 €.

O 30 de xaneiro de 2014 cursouse invitación para participar na contratación ás seguintes empresas:

- Nea F3 Iberica S.L.U.
- Severiano Servicio Móvil S.A.
- Telefónica soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U.

Rematado o prazo concedido, presentaron oferta no Rexistro da Cámara as seguintes empresas:

Empresas concorrentes	nº Rexistro
Severiano Servicio Móvil S.A.	19731
Telefónica soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U.	19432

Segundo se pon de manifesto no informe do Servizo de Tecnoloxías da Información, analizados os sobres B presentados polas empresas concorrentes, coa documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, procede adxudicar a seguinte puntuación:

	Severiano Servicio Móvil S.A.	Telefónica soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U.	Puntuación máxima apartado
Fluxos de traballo	8 puntos	8 puntos	10 puntos
Control de calidade de dixitalización	11 puntos	14 puntos	14 puntos
Planificación e coordinación do proxecto	10 puntos	10 puntos	12 puntos
Prazo de execución	11 puntos	13 puntos	13 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL	40 puntos	45 puntos	49 puntos

As ofertas presentadas nos sobres C polas empresas concorrentes e a correspondente puntuación obtida segundo as fórmulas establecidas no punto 15 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas son as seguintes:

a.- Prezo: de 0 a 51 puntos:

Empresas concorrentes	Prezo ofertado (sen IVE)	Puntuación
Severiano Servicio Móvil S.A.	34.000,00 €	37,85
Telefónica soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U.	31.916,16 €	51,00

Polo tanto a puntuación total obtida polas empresas concorrentes segundo os criterios de adjudicación da cláusula novena do prego de cláusulas administrativas, son as seguintes:

EMPRESA	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas	Puntuación Total
Severiano Servicio Móvil S.A.	40,00	37,85	77,85
Telefónica soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U.	45,00	51,00	96,00

En consecuencia a orde de clasificación das ofertas presentadas en función da puntuación total obtida polas entidades concorrentes en base aos criterios de adjudicación da cláusula novena do prego de cláusulas administrativas é a seguinte:

- 1º. Telefónica soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U.
- 2º. Severiano Servicio Móvil S.A.

En base ao exposto e conforme ao establecido na base décima do prego de cláusulas administrativas procede someter á Mesa do Parlamento de Galicia a seguinte proposta:

Clasificar as ofertas presentadas na citada orde e, consecuentemente, requirir a **Telefónica soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, a documentación esixida na base décima, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas para proceder, no seu caso, á adjudicación do contrato.

Santiago de Compostela 18 de marzo de 2014.

Vº e prace
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior



Mesa do Parlamento de Galicia



PARLAMENTO
DE GALICIA

Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior